



CAMPO DE VOLUNTARIADO "CASTRO DE LA TORRE" (FOLGOSO DO COUREL- LUGO)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
15-26/07/2025	18-30	Estatal	Patrimonial	15



LOCALIZACIÓN

Folgoso do Courel está situado ao sueste da provincia de Lugo e ten unha extensión de 193 Km². Conta con numerosos ríos e regatos, dos cales o máis destacable é o río Lor.

O Courel é unha zona con moitas covas e lugares de formacións xeolóxicas únicas, que aínda hoxe esconden moitos segredos no seu interior e narran a historia dos primeiros moradores da nosa terra e de animais desaparecidos hai milleiros de anos (Sima de Aradelas, Cova de Tralacosta en Paderne, Buracada das Choias, Cova dos Osos, Cova das Choias de Moreda).

Forma parte do Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel, adscrito administrativamente á comarca de Quiroga, e integrado por tres municipios: Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil.

A Serra do Courel non está exenta de restos prerromanos e son moitos os exemplos de

poboamento distribuídos por todos os seus vales. Existen varios restos de castros (o de Vilar, o de Seceda, A Torre, o Castro de Vilamor...). Todos eles foron romanizados posteriormente e serviron como apoio para o intenso labor mineiro destas serras levada a cabo polos invasores romanos.

DESCRICIÓN DO CAMPO

Actuarase nun espazo arqueolóxico para poñer en valor o Xeoparque Mundial da Unesco Montañas do Courel e para promover iniciativas futuras na súa contorna e conservar e divulgar os traballos feitos.

A liña principal do campo de voluntariado é a promoción do Castro da Torre. Os traballos irán dirixidos á limpeza da vexetación invasora do castro, sen tocar estruturas de ningún tipo:

- Desbroce e limpeza por medio de ferramentas adecuadas, valorando as condicións de cada zona para non alterar ningún aspecto do xacemento.
- Ao remate dos traballos, o espazo de actuación estará libre de broza e tocos. Non serán cortadas as árbores autóctonas existentes na superficie de actuación sempre que non afecten gravemente as estruturas arqueolóxicas.
- Creación de catálogos e medidas e propostas para o concello a través de tres ODS e aprendizaxe sobre a Axenda 2030.
- Dinamización das diferentes rutas do concello de Folgoso do Courel mediante o seu mantemento e a súa dixitalización para crear maior difusión.



- Creación de contidos en formato vídeo sobre o Xeoparque e o Castro da Torre.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Descuberta do xeocampo con mozos e mozas de Folgoso, que servirán de guías
- Caiac e paddelboard no río Sil
- Visita a Quiroga
- Carreira de orientación hasta Mogoxe
- Ruta hasta a Devesa da Rogueira. Ruta al val das Mouras
- Tiro con arco
- Festa da cultura de Folgoso
- Concurso internacional de postres



ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

O aloxamento e manutención do campo de voluntariado será no CPI Uxío NovoNeyra de Seoane do Courel.

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día a partir das 16:00 h no lugar de aloxamento.

Alternativamente, establécense tamén dous puntos de encontro, na Estación de tren de San Clodio e na de Autobuses de Quiroga.

O campo remata o ultimo día despois do almorzo.

COMO CHEGAR:

Quiroga conta con estación de tren, polo que, dende calquera lugar é a mellor opción de chegar ata este punto de encontro (www.renfe.es). A súa estación está en San Clodio. Tamén se pode chegar por estrada en autobús: www.alsa.com.

Outras combinacións posibles para chegar ao destino son www.monbus.es (Lugo-Monforte de Lemos); www.arriva.gal (A Coruña-Lugo); www.monbus.es (Compostela-Lugo).

COTA

CENTO DEZ (**110 €**) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acollidora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50 €**).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.



b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.



c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

QUE TRAER

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha
- Saco de durmir, esteira e mochila pequena para rutas
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo
- Roupa: de deporte (suadoiros), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo en caso de choiva ou frío) e gorra

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTO

Dirección Xeral de Xuventude: camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude de Lugo: camposlugo.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.

